



CONCELLO DE MUGARDOS

(A CORUÑA)

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE MUGARDOS E A SOCIEDADE AMIGOS DA PAISAXE GALEGA**

Mugar dos, o día 9 de decembro de 2019

**REUNIDOS**

Dunha parte a Sr. Alcaldesa María del Pilar Díaz Otero, con D.N.I. [REDACTED], en nome e representación do Concello de Mugar dos, con CIF.: P-1505200D, en uso das facultades que lle confire o artigo 21 da Lei reguladora das bases de réxime local, asistida do Secretario da Corporación, D.Rafael Bermúdez Iglesias, que da fe do acto.

Pola outra parte a Presidenta da Sociedade Amigos da Paisaxe Galega D<sup>a</sup> Manuela María Divina López Quintián, con D.N.I. [REDACTED] en nome e representación da Sociedade Amigos da Paisaxe Galega, con C.I.F. G15080880 e consonte ao acordo da xunta directiva do día 16.07.2019, segundo consta na correspondente certificación do secretario da entidade, obrante no expediente de solicitude de subvención.

Tendo en conta o artigo 2.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, que esixe para que as disposicións dinerarias realizadas polas entidades locais teñan a condición de subvencións, que non teñan contraprestación directa do beneficiario, que estean suxeitas ao cumprimento dun determinado obxectivo, a realización dunha actividade ou a adopción dun comportamento singular, xa realizados ou por desenvolver, cumprindo as obrigas materiais e formais que se estableceran, e que estas condutas teñan por obxecto o fomento dunha actividade de utilidade pública, interese social ou a promoción dunha finalidade pública.

Co fin de dar cumprimento ao previsto no artigo 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, que considera os convenios como os instrumentos habituais para a canalización das subvencións directas.

Ámbalas partes, facendo uso da representación que ostentan e coa capacidade legal para celebrar este acto

**EXPOÑEN**

-Que este convenio cumpre a Lei 38/2003, do 17 de novembro, General de Subvenciones (LGS), que no seu art. 22.2, xunto co art. 19.4 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, establecen que poderán concederse de forma directa aquelas subvencións previstas nominativamente nos orzamentos das entidades locais nos termos recollidos nos convenios e na normativa reguladora destas subvencións.

-Que é vontade de ámbalas dúas entidades promover ás accións que contribúen á participación da cidadanía de Mugar dos, na actividade cultural e mais concretamente na promoción de eventos e actividades relacionadas co teatro, así como apoiar as sociedades culturais con forte implantación municipal.

- Que ámbalas partes teñen capacidade plena para levar a cabo o presente convenio.

- Que o Concello de Mugar dos poderá conceder subvencións con cargo aos créditos consignados no seu orzamento.

- Que é unha actividade de fomento para favorecer a participación e realización de actividades relacionadas coa promoción e recuperación da cultura tradicional galega, do teatro infantil e de maiores, que se enmarca na promoción da cultura, prevista no art. 25.2.m) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

- Que para a formalización do presente convenio existe consignación orzamentaria suficiente na aplicación 334.48900.

Por todo o exposto acordase asinar o presente convenio de colaboración baixo as seguintes **CLÁUSULAS**:

## **CLÁUSULAS**

### **PRIMEIRA.- Obxecto do convenio.**

O presente convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre o Concello de Mugar dos e a Sociedade Amigos da Paisaxe Galega , para apoiar e promover, a actividade cultural xeral tanto na organización de eventos culturais no Concello de Mugar dos, como no da práctica regular de actividade cultural da cidadanía mugar desa, e máis concretamente promover a participación da cidadanía no teatro afeccionado, de tal xeito que as actividades obxecto de subvención están abertas a toda a cidadanía de Mugar dos, non podendo esixir a condición de socio/a para participar nas actividades obxecto do presente convenio.

**Finalidade da subvención concedida: Participación en eventos culturais, organización de eventos de difusión cultural e musical, xornadas de teatro afeccionado, actividades de participación veciñal e dotación da biblioteca (gasto corrente).**

**Serán subvencionables os gastos en: prensa, libros, xornadas de teatro (actuacións, talleres), actuacións musicais, agasallos, animación , alimentación , bebidas e gastos xerais ( seguros, luz, auga, teléfono..)**

### **SEGUNDA. Contía da subvención.**

Para a realización das actividades descritas no presente convenio o Concello de Mugar dos comprométese a destinar para esta finalidade a cantidade de **CATRO MIL EUROS (4.000 €)**, en concepto de colaboración para o financiamento das actividades regulares, tales como: xornadas de teatro, actividades de difusión cultural e musical, actividades de participación veciñal, dotación da biblioteca, así como o gasto corrente derivado do mantemento das instalacións, equipamentos e xestión administrativa , con cargo á aplicación 334.48900 do orzamento do Concello para o exercicio 2019.

Poderáse otorgar a subvención por contía superior á recollida no parágrafo anterior sempre que se produza un incremento dos créditos conforme o previsto no artigo 31 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

### **TERCEIRA.- Responsabilidade das actuacións concertadas.**

A organización das actividades obxecto deste convenio corresponde en exclusiva á Sociedade Amigos da Paisaxe Galega, limitándose os compromisos municipais ao establecido no presente convenio.

Ademais da actividade xeral de organización de eventos musicais, conferencias, dinamización cultural, recuperación das tradicións da cultura galega, comprométese á organización dos seguintes eventos deportivos:

1.- Organización das Xornadas de Teatro Afeccionado.

### **CUARTA. Obrigas do beneficiario.**

En cumprimento do disposto na Base 69ª das de execución do orzamento de 2019, prorrogado de 2017, o beneficiario do presente convenio deberá cumprir os seguintes requisitos:

- a) Realizar a actividade ou actividades que fundamentan a concesión da subvención e acreditar a súa realización, así como o cumprimento dos requisitos e condicións que determina a concesión ou disfrute da axuda.
- b) Carecer de fins de lucro.



## CONCELLO DE MUGARDOS

(A CORUÑA)

- c) Non ter pendente de xustificar ningunha subvención concedida polo Concello de Mugar dos, agás que se lle concedese excepcionalmente prórroga.
- d) Estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e á Seguridade Social impostas pola lexislación vixente, así como co concello.
- e) Someterse ás actuacións de comprobación e de control financeiro por parte da Intervención do Concello.
- f) Comunicar ao Concello a obtención de calquera outra subvención, axuda, ingreso ou recurso que financie as actividades que se subvencionan. O importe da subvención concedida polo Concello en ningún caso será de tal contía que, illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas ou ingresos, supere o custo da actividade subvencionada. Esta comunicación realizarase tan pronto como se coñeza, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos concedidos polo Concello.
- g) Non deberá estar incurso en ningún dos supostos de incompatibilidade ou prohibición para a percepción de subvencións ou axudas públicas.
- h) Facer constar en todo tipo de publicidade e información que se realice en desenvolvemento das súas actividades a participación e colaboración do Concello de Mugar dos.

### QUINTA. Xustificación e forma de pagamento.

En todo caso deberase incluír na xustificación final:

1º.-Unha memoria e declaración xurada da totalidade das actividades realizadas.

2º.-Unha relación clasificada dos gastos soportados durante o período de vixencia do convenio.

A Sociedade Amigos da Paisaxe Galega, deberá xustificar a subvención outorgada no presente convenio, mediante facturas orixinais de gasto ou as súas fotocopias debidamente compulsadas xustificativas da realización das actividades subvencionadas; tamén se admitirán outros documentos xustificativos equivalentes (certificados, recibos, nóminas). Estes documentos xustificativos dos gastos deberán ser por unha contía igual ou superior á subvención concedida, certificando ademais que as contías foron destinadas ao fin para o que foi outorgada a subvención. **En todo caso deberá acreditarse o pago mediante presentación de xustificante de transferencia bancaria, ou recibín do perceptor, se o pago foi en metálico, con indicación do D.N.I., sinatura e nome e apelidos do mesmo.**

**Non se admitirán como xustificantes de gasto pagos en efectivo de contía igual ou superior a 2.500 euros por estar expresamente prohibido. ( Lei 7/2012, de 29 de outubro).**

3º.-Unha declaración doutras axudas ou subvencións percibidas e/ou concedidas.

4º.-Unha declaración de que a subvención destinouse a finalidade para a que foi concedida.

5º.- Documentación das publicacións (carteis, programas, catálogos, anuncios publicitarios,...) onde conste o escudo ou logotipo municipal.

Unha vez realizada a actividade subvencionada, os beneficiarios disporán de dous meses para a **presentación da documentación xustificativa no Rexistro de Entrada do Concello, sen exceder en todo caso o 30 de decembro de 2019.** En caso de non xustificar o importe total do convenio, verase reducido o importe a percibir.

No momento da sinatura do convenio concederáse un anticipo da subvención de ata un 50% da contía concedida, e unha vez que sexan xustificados os gastos subvencionados procederáse, previo informe da intervención, a abonar o 50% restante.

### SÉXTA. Relacións laborais ou doutra orde con terceiras persoas.

Se a Sociedade Amigos da Paisaxe Galega, tivera necesidade de contratar os servizos de terceiras persoas para realizar as actividades obxecto deste convenio, deberá observar estritamente as obrigas que aos/ás

empresarios/as ou empregadores/ as impoña a lexislación vixente en materia de seguridade social e seguridade e hixiene no traballo.

O Concello non manterá relación laboral ningunha coas persoas que a entidade beneficiaria da axuda municipal puidera contratar nin asumirá responsabilidade de ningún tipo polo incumprimento en que o devandito beneficiario puidera incurrir.

#### **SÉPTIMA. Duración temporal do convenio.**

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura estendéndose a duración do mesmo ata o 30 de decembro de 2019, non obstante abarcará accións obxecto deste convenio que se realicen pola entidade dende o 01 de xaneiro de 2019 ata o 30 de decembro de 2019.

#### **OITAVA.- Constitución de garantía.**

Segundo establece o R D 887/2006, do 21 de xuño no seu art. 42. punto 2 c) quedan exonerados da constitución de garantía, as entidades non lucrativas, así como as federacións, confederacións ou agrupacións destas, que desenvolvan proxectos ou programas de acción social e cooperación internacional.

#### **NOVENA.- Actuacións administrativas.**

Irá a cargo da Sociedade Amigos da Paisaxe Galega , calquera tipo de autorización que deba obter das administracións competentes para a realización das actividades obxecto do convenio, sendo aquela a única responsable da súa solicitude, obtención e cumprimento.

No que se refire ás infraccións e sancións administrativas a entidade que asina se someterá ao disposto nos artigos 52 e seguintes da Lei xeral de subvencións 38/2003, de 17 de novembro e co Real decreto 887/2006, do 21 de xullo.

#### **DÉCIMA. Conservación de documentación.**

A Sociedade Amigos da Paisaxe Galega ,deberá conservar os documentos xustificativos dos fondos percibidos así como a documentación contable que lle sexa esixida na súa lexislación aplicable co fin de facilitar as actuacións de comprobación e control.

#### **ÚNDECIMA.- Constancia da colaboración municipal.**

Cando a entidade organizadora desenvolva actos públicos ou informe, por calquera medio de comunicación ou publicidade, das actividades subvencionadas por este convenio, fará constar e difundir a colaboración municipal. Nas publicacións (carteis, programas, catálogos, anuncios publicitarios,...) deberá constar o escudo ou logotipo municipal.

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- Seguimento das actividades subvencionadas.**

É obrigación do beneficiario da subvención segundo establece a Lei 9/2007 , do 13 de xuño, de subvencións de Galicia no seu art. 11. apartado c) " *sometersse as actuacións de comprobación, a efectuar polo órgano concedente o a entidade colaboradora, no seu caso, así como a calquera outra actuación, sexa de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes,... aportando tanta información séxalles requirida...* ". Por elo a entidade beneficiaria facilitará os medios materiais e persoais, cando sexa requirido polos técnicos municipais, co fin de permitir o correcto seguimento da actividade subvencionada.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- Lingua vehicular.**

Todos os documentos que se deriven desta relación de vencellamento entre o Concello e a Sociedade Amigos da Paisaxe Galega, redactaranse en lingua galega así como toda presenza pública (rótulos, indicadores na rúa, publicidade de calquera tipo, etc.) que as partes que convenian realicen referentes ao asunto deste convenio. Así mesmo eliminaranse os estereotipos sexistas na linguaxe.



## CONCELLO DE MUGARDOS

(A CORUÑA)

### DÉCIMO CUARTA. Reintegro.

A Sociedade Amigos da Paisaxe Galega, procederá ao reintegro da contía concedida ao Concello nos supostos que están fixados no artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

### DÉCIMO QUINTA. Causas de resolución.

Serán causas de resolución do presente convenio e darán lugar ao reintegro das cantidades percibidas:

- O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

### DÉCIMO SEXTA. Natureza do convenio.

O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

As resolucións que se adopten porán fin á vía administrativa, polo tanto, contra elas só cabe recurso ante a xurisdición contencioso - administrativa.

E en proba de conformidade e exercendo as facultades expresadas, as partes comparecentes asinan o presente convenio en triplicado exemplar, no lugar e data sinalados.

A presidenta,